



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Patoloxía Podolóxica 2		Código	750G02022
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Bautista, Carolina	Correo electrónico	carolina.rosende@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Sergio	Correo electrónico	sergio.perez.garcia@udc.es	
	Rosende Bautista, Carolina		carolina.rosende@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>A Materia Patoloxía Podolóxica 2, enmárcase dentro do módulo 4 do Plan de estudos de Grao en Podoloxía. Trátase dunha materia do 1º cuatrimestre do 3º curso e nela desenvolveranse coñecementos relacionados cos procesos patolóxicos sistémicos e específicos do pé con relevancia podolóxica. Revisaranse as principais características fisiolóxicas e patolóxicas na idade infantil así como na idade xerátrica.</p> <p>A abordaxe do estudo as diferentes patologías e afeccións realizarase desde o punto de vista clínico e funcional, integrandose deste xeito o estudo da semioloxía das patologías podolóxicas e as manobras de exploración física así como o uso e interpretación de probas complementarias nos diferentes procesos patolóxicos do pé do ancián e do infante.</p> <p>Os contidos que se impartirán nesta materia son: Procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica. Cambios fisiolóxicos da extremidade inferior e características da marcha nas diferentes etapas de crecemento. Patoloxía podolóxica infantil. Deformidades conxénitas. Asimetrías. Enfermedades raras e a súa repercusión no pé. Fisiopatoloxía do envellecemento músculo-esquelético. Características da marcha do ancián. Patoloxía podolóxica no ancián</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos A natureza da materia permite manter os mesmos contados no caso de que se produza una nova situación de confinamento que impida a presencialidade.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión Maxistral (TEAMS) Seminarios (TEAMS) Estudos de casos (TEAMS / MOODLE) Atención persoalizada Proba mixta (TEAMS/ MOODLE)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican RESUMO: substituirÁse por un PORTAFOLIO DO ALUMNO no que se traballará o resumo dos temas e se realizarán actividades por cada unidade didáctica.o alumno entregará as actividades es resumos nos prazos establecidos.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Correo electrónico: De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos estudos de casos, seminarios ou portafolio. Moodle: Estableceranse foros de dubidas e casos clínicos. Teams: sesións semanais de lección maxistral. Seions de seminarios e estudos de casos. Encontros de titorización.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Estudo de casos(25%): Suprimes a proba de estudo de casos na avaliación final, a porcentaxe será substituída polo traballo individual de casos propostos. A data de entrega dos citados casos será concertada coa alumnado en función da evolución da docencia. Portafolio do alumno(25%): Pasar á ser obrigatoria a entrega dos resumos dos temas e actividades propostas de cada unidade temática, nas que se incluírán as actividades dos seminarios. Computará un 25% da calificación final da materia. Proba Mixta: Realizaráse una proba final a través da Plataforma Moodle e Teams. Computará o 50% da calificación final.</p> <p>*Observacións de avaliación: Para superar a materia o alumnado deberá alcanzar a metade da puntuación en cada unha das metodoloxías.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía O profesorado facilitará o acceso os materiais necesario para a materia</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



O estudante coñece e identifica os procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica, pé de risco e os parámetros clínicos patolóxicos das afeccións estruturais e funcionais do aparello locomotor en decúbito, bipedestación estática e dinámica.	A19	B1 B3 B5	C1 C2 C3 C4 C7
O estudante coñece a fisiopatoloxía do envellecemento músculo-esquelético e as principais patoloxías podolóxicas no adulto maior así como as características propias da marcha neste grupo.	A19	B1 B9 B18	C2 C3
O estudante coñece o desenvolvemento e os cambios fisiolóxicos da extremidade inferior así como as características da marcha nas diferentes etapas do crecemento.	A19	B1 B9 B18	C2 C3
O estudante coñece e identifica as patoloxías do membro inferior características da etapa infantil que inflúen no pé e a marcha e as pautas xerais de tratamento, así como coñece e identifica as principais enfermidades congénitas que poden afectar ao pé e o concepto de enfermidade rara e a actuación ante as mesmas.	A19	B1 B3 B5 B7	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Fisiopatoloxía do envellecemento músculo-esquelético. Características da marcha do ancián	Tema 1: Epidemioloxía das lesións nos pés na poboación Xeriátrica. Tema 2: Fisiopatoloxía do envellecemento. Alteracións máis frecuentes nos pés na poboación Xeriátrica. Tema 3: Características da marcha xeriátrica.
Patoloxía Podolóxica no ancián.	Tema 4: Alteracións do 1º Radio e 1ª articulación metatarsal. Tema 5: Patoloxía dixito-metatarsal. Tema 6: Metatarsalxia no adulto maior. Tipos. Causas. Patoloxía dos sesamoideos. Tema 7: Patoloxía de retropie: Disfunción do Tibial Posterior. Talalxias no adulto maior. Síndrome dolorosa no talón. Pé cavo doloroso, síndrome do túnel do tarso e síndrome do seo do tarso.
Procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica.	Tema 8: A Gota. Artrite Gotosa Tema 9: Artrose xeneralizada. Tema 10: Artrite Reumatoide. Outros tipos de Artrites. Tema 11: Alteracións vasculares e neurolóxicas: centrais (ACV, Parkinson) e periféricas
Cambios fisiolóxicos da extremidade inferior e características da marcha nas diferentes etapas de crecemento	Tema 12: Características especiais da atención ao paciente pediátrico. Tema 13: Embrioloxía e desenvolvemento da extremidade inferior. Tema 14: Características da marcha nas diferentes etapas do crecemento.
Deformidades congénitas. Asimetrías. Enfermidades raras e a súa repercusión no pé	Tema 15: Malformacións por defecto/exceso Tema 16: Malformacións Morfoestructurais Tema 17: Enfermidades Raras
Patoloxía podolóxica infantil.	Tema 18: alteracións do crecemento e a postura Tema 19: alteracións de cadeira e xeonllo Tema 20: alteracións do pé Tema 21: alteracións neurolóxicas centrais e periféricas Tema 22: Alteracións reumatolóxicas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A19 B1 B3 B5 C3	10	20	30



Seminario	A19 B7 B18 C1 C4 C7	10	15	25
Proba mixta	A19 B3 C3	2	29	31
Resumo	A19 B1 B7 C1 C3 C7	0	30	30
Sesión maxistral	A19 B1 B3 B9 C2	21	12	33
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Descríbanse diferentes situacións clínicas, facilitandolle aos estudantes datos da anamnesis, motivos de consulta, datos da exploración física imaxes e probas complementarias. Ante estes datos cada grupo de estudantes deben realizar un diagnóstico xustificado e razoado da patoloxía do paciente e propor un plan integral de tratamento.</p> <p>As argumentacións dos casos deben xustificarse sempre coa bibliografía consultada para chegar a resolución dos casos. O profesorado realizará nas sesións exemplos dos casos.</p>
Seminario	Mediante o desenvolvemento de diferentes actividades en grupo desenvolveranse e profundarase en diferentes contidos da materia.
Proba mixta	Realizarase un exame de proba obxectiva con 70 preguntas, para superar a materia debe alcanzarse nesta proba unha cualificación de 35 puntos.
Resumo	Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.
Sesión maxistral	<p>As sesións maxistras desenvolveranse como clases expositivas-participativas durante as cales se exporán os contidos básicos da materia, con apoio de imaxes, vídeo, etc. As sesións maxistras centraranse nos contidos principais do temario. A través da plataforma MOODLE(https://campusvirtual.udc.es/moodle/)ofreceranse materiais escritos cos contidos BASICOS do temario.</p> <p>O plan de prevención COVID-19 da Facultade de Enfermaría e Podoloxía obriga a virtualizar a totalidade das sesións presenciais.O alumnado disporá do material para cada sesión e deberá entregar un esquema de cada un dos temas da materia semanalmente a través da plataforma Moodle.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resumo Estudo de casos	A atención personalizada desenvolverase de forma programada nos horarios do profes@r de atención ao estudante, esta atención poderá desenvolverse de forma virtual por correo electrónico ou na plataforma TEAMS.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Resumo	A19 B1 B7 C1 C3 C7	<p>O alumno presentará nos 5 días seguintes a sesión maxistral (que poderá seguir de forma sincrónica ou asíncrona) un resumo dos contidos impartidos e do material facilitado para cada un dos temas.</p> <p>A actividade de resumo e sumatoria é non obrigatoria</p>	10



Estudo de casos	A19 B1 B3 B5 C3	<p>Cada grupo de traballo entregará un dossier sobre os casos traballados, a argumentación do diagnóstico e o plan de tratamento. Establecerase durante a planificación do curso a data de entrega dos devanditos dossiers.(valor 5). Só se puntuará o traballo dos casos traballados cando o estudante asista ao 50% das sesións presenciais, con excepción dos estudantes de matrícula parcial aos que se lles indicará os casos que deben traballar e a data de entrega.</p> <p>O día do exame final oficial da materia incluíranse dous casos clínicos no que cada estudante debe resolver de forma individual un caso .(valor 15).</p> <p>O estudante debe alcanzar polo menos a metade da puntuación en cada unha das partes.</p> <p>Na convocatoria de Xullo se o estudante non alcanzou a puntuación deberá obter na proba de casos clínicos o 90% da puntuación (13,5 puntos sobre 15)</p>	20
Seminario	A19 B7 B18 C1 C4 C7	<p>As actividades relacionadas cos seminarios é obrigatorio asistir ao 50% das sesións presenciais e non se poden recuperar ou substituír por outras actividades da materia; con excepción dos estudantes de matrícula parcial para os que se programasen actividades específicas cando se presente a situación.</p> <p>Realizaranse 4 actividades (en grupo ou individuais)con cualificacións de 2.5 puntos cada actividade.</p> <p>Para aprobar a materia é necesario sumar polo menos 5 puntos dos seminarios.</p> <p>Na convocatoria de Xullo no caso de que o estudante non asistise aos seminarios deberá responder a 2 preguntas que teran un valor de 10 puntos e alcanzar nas mesmas polo menos un 80% da puntuación outorgada ás mesmas.</p>	10
Proba mixta	A19 B3 C3	<p>Realizarase un exame de proba obxectiva con 60 preguntas, para superar a materia debe alcanzarse nesta proba unha cualificación de 30 puntos.</p> <p>A distribución de dous bloques ben diferenciados na materia, obriga a que o alumno supere ambas partes para superar a materia</p>	60

Observacións avaliación

As cualificacións dos estudos de casos os seminarios só computarán na cualificación final se se supera o 50% da cualificación da proba mixta. No caso de non se presentar ou non superar a proba mixta na primeira oportunidade, as cualificacións dos estudos de casos e os seminarios computarán na segunda oportunidade se se supera o 50% da cualificación da proba mixta. As cualificacións de estudos de casos e seminarios unha vez superadas poderán conservarse, previa solicitude do estudante, durante 1 curso académico. Nas seguintes matriculas os estudantes deberán cursar obrigatoriamente todas ás actividades. A cualificación de No Presentado outorgarase no caso de que non se presente á proba mixta. A cualificación de matrícula de honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente aos estudantes que obteñan un 10 na cualificación media da materia . De darse o caso de que haxa máis estudantes con esa cualificación que matriculas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocarase a todos os estudantes para a realización dunha proba específica de desempate, proba que consistirá en novo exame de características similares ás da proba mixta, exame que se fixará en data e hora de acordo cos interesados/ás. En caso de non existir ningún estudante con cualificación de 10, todos os estudantes que obteñan unha cualificación media superior a 9.0 requisito básico para optar á matrícula de honra, poderá optar á matrícula de honra logo de solicitude ao profes@r e mediante a superación da proba anteriormente descrita. No caso de que non existan solicitudes expresas de opción a matrícula, o profesor resérvase a potestade de outorgalas naqueles casos que, cumprindo o requisito mínimo, puidesen ser merecedores de matrícula pola aptitude e a actitude mostradas durante o desenvolvemento da materia. Estudantes en matrícula parcial que obtivesen a dispensa académica deben de comunicalo obrigatoriamente ao profes@r responsable da materia ao inicio do curso (1ª semana). Para este alumnado a cualificación dos seminarios e os estudos de casos pode obterse mediante a realización de traballos dirixidos que o estudante realizará de forma autónoma. Oportunidade adiantada de avaliación: Os estudantes que se encontren nos supostos recollidos na normativa de xestión académica da UDC dispoñerán desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá un peso do 100% da cualificación final

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - A. DIMEGLIO (1999). ORTOPEDIA INFANTIL COTIDIANA. Barcelona: Masson - Tachdjian (1999). Ortopedia Clínica Pediátrica. Madrid: Panamericana - Drenann (2010). The child's Foot & Ankle. Philadelphia: Wolters Kluwer - Minguella (2003). Malformaciones del Pie. Barcelona: Masson - Thomson & Volpe (2001). Introduction to podopediatrics. London: Churchill livingstone - Angela M Evans (2010). The Pocket Podiatry Guide. Paediatrics. London: Churchill Livingstone - Menz Hylton. "Foot Problems in older people". 1ª Edición. 2008. Churchill Livingston. Elsevier.- Herbaux Isabelle et al. "Podología Geriátrica". 1ª Edición. 2007. Ed. Paidotribo.- Banks Alan, et al. "McGlamry's comprehensive textbook of foot and ankle surgery". Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins 2001.- Munuera Martínez P. "El primer radio: biomecánica y ortopodología". Santander. Ed Exa. 2009.- Harrison. "Principios de Medicina Interna". 17ª Edición. 2009. Ed. Mc Graw-Hill Interamericana Editores.
Bibliografía complementaria	- Revista Internacional de Ciencias Podológicas - Journal of the American Podiatric Association (JAPMA).

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001
 Anatomía específica do membro inferior/750G02002
 Fisioloxía xeral/750G02003
 Fisioloxía de sistemas/750G02004
 Patoloxía xeral/750G02008
 Biomecánica do membro inferior/750G02013
 Ortopodoloxía 1/750G02017
 Ortopodoloxía 2/750G02018
 Patoloxía Podolóxica 1/750G02021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Podoloxía Preventiva/750G02015
 Dermatoloxía/750G02026

Materias que continúan o temario

Prácticum 2/750G02034
 Prácticum 3/750G02035

Observacións

Na primeira clase do curso, estableceranse os grupos de traballo de seminarios e casos clínicos para configurar o cronograma, polo que é básico asistir a esa primeira clase da materia, aqueles alumnos que non asistan a esa primeira sesión serán incluídos nos grupos de forma arbitraria para conseguir o equilibrio numérico entre estes. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase entregaranse en formato dixital e en papel sen empregar plásticos, con impresións a dobre cara, empregando papel reciclado e evitando a impresión de borradores.Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionaisFacilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitariaTraballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas.Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías